



## CONSETEMENTO INFORMADO PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES NO CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA DE BLOQUE 2019

*Don/Doña*

*con domicilio en*

*e con DNI núm.*  
*titor*

*,teléfono*

*,na súa condición de*

*(pai, nai,*

*legal) de*

*con DNI*

Por medio do presente escrito, MANIFESTAN:

1. Que autorizo expresamente a miña filla/o a participar no Campionato Galego de Escalada de Bloque que se celebrará en Ourense o día 16 de novembro de 2019.
2. Que por parte da federación se nos informou suficientemente e nunha linguaxe comprensible sobre as características da competición deportiva na que vai a participar nosa/o filla/o e sobre as condicións físicas requiridas para dita participación.
3. Que se nos informou de forma suficiente e clara sobre os riscos de participar en dita competición, sobre a titulación dos técnicos, sobre as medidas de seguridade adoptadas pola organización na realización da mesma, sobre as características, equipación e materiais necesarios, e as normas de conduta.
4. Que coñecemos e entendemos as normas reguladoras do campionato e estamos plenamente conformes coas mesmas admitindo e sometendo a nosa/o filla/o á potestade da dirección e disciplina do mesmo.
5. Que a/o participante non padece ningunha enfermidade ou lesión que lle impida participar no campionato. Non obstante, os comparecentes están na obriga de informar de forma puntualmente as persoas e entidades responsables de calquer cambio en dita situación dende a sinatura do presente documento. Se o menor padecera algún tipo de lesión, defecto físico ou calquera outra circunstancia que puidera agravarse ou perxudicar gravemente a súa saúde, ao participar nesta actividade, se pondrá en coñecemento da FGM, aceptando as decisións que ao respecto se adopten polos responsables da mesma.
6. Que a/o participante non é alérxica/o a ningún medicamento. Nin padece ningunha intolerancia alimentaria. Se o fose, se pondrá en coñecemento da FGM, para que se podan tomar as medidas necesarias ao respecto.
7. Que foron informados e aceptan que, se o participante ten algún accidente, lesión ou un problema de saúde, a FGM dará asistencia sobre o terreo, estabilización e traslado a un centro de saúde ou hospital concertado.



8. Que as persoas comparecentes asumen voluntariamente os riscos propios da actividade e, en consecuencia, eximen á FGM, e a seu persoal de calquera lesión ou dano que poda sufrir por ela. Tal exención non comprende as lesións ou danos que sexan consecuencia dunha culpa ou negligencia da FGM.
9. Que en cumprimento do disposto na Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe, autorizan á FGM á grabación total ou parcial da participación do e da deportista na proba por medio de fotografías, vídeos e calquera outro medio análogo, así como a facer uso, para súa difusión de sus actividades, de tales grabacións a través de calquera medio, especialmente a través da páxina web da FGM, de calendarios, posters, memorias, informes, libros, revistas, materiais divulgativos e demais publicacións, así como para que, no seu caso, sexan comunicados a súa empresa ou institución de procedencia. A autorización estará lóxicamente limitada por aquelas utilizacións ou aplicacións que puideran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de Maio, de Protección Civil ao Dereito ao Honor, a Intimidade Persoal e familiar e a Propia Imaxe. A autorización non fixa ningún límite de tempo para o uso das imaxes ou parte das mesmas, polo que a autorización se considera concedida por un prazo de tempo ilimitado.
10. Segundo establecido na Lei Orgánica 15/1999, lle informamos que seus datos persoais obtidos mediante este documento serán empregados coa finalidade de organizar e xestionar a participación de súa filla/o ou tutelado/a na proba descrita. Igualmente, lle informamos de que en aquelas actividades deportivas especiais na que a inscrición deba indicarse información referente aos datos especialmente protexidos para adaptar as condicións de participación á categoría correspondente, dita información unicamente será tratada para xestionar a súa participación en as actividades deportivas, conservándose sobre os mesmos a máis estricta confidencialidade. Así mesmo, autoriza ao mantemento dos sus datos en nosos arquivos co obxecto de poder remitirle información no sucesivo, por calquera medio incluídos os electrónicos, sobre a celebración de distintos eventos deportivos promovidos pola FGM. O consentemento anteriormente otorgado se entenderá prestado en tanto non comunique a revocación do mesmo. Poderá, en calquera momento, revocar o consentemento anteriormente otorgado, así como exercer seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos legalmente establecidos, dirixíndose ao responsable do arquivo: C/ Fotógrafo Luis Ksado 17, oficina 10 – 36209 Vigo.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_

Pai

Nai

Titor/a